

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de Facultativo/a especialista de área, na especialidade de Neurofisioloxía Clínica

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración oública galega.

Tema 3. A Lei Xeral de Sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións Públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazas.

Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

1. Fundamentos de instrumentación. Electrodo, transdutores, biosensores e amplificadores operacionais. Galvanómetros, sistemas de representación. Relación sinal - ruído. Artefactos. Terra e masa. Sinais analóxicas e dixitais: dixitalización. Procesamento de sinais. Lexislación española e da Comunidade Europea sobre seguridade de equipos de neurofisioloxía clínica.

2. Técnicas de rexistro electroencefalográfico. Instrumentación. EEG cuantitativo. Monitorización. Vídeo-EEG.

3. Bases neurofisiolóxicas da electroxénese cerebral. Características da electroxénese cerebral en individuos sans de diferentes idades.



4. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico da epilepsia. Síndromes xeneralizadas. Síndromes localizadas. Síndromes indeterminadas en canto ao seu carácter focal ou xeneralizado. Síndromes epilépticos especiais. Correlación electroclínica das diferentes síndromes epilépticas.

5. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico dos tumores cerebrais.

6. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico das enfermidades infecciosas no SNC.

7. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico das enfermidades cerebrovasculares.

8. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico das enfermidades dexenerativas e metabólicas.

9. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico dos estados de coma e morte cerebral.



10. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo neurofisiolóxico das enfermidades psiquiátricas.

11. Patoloxía do sono. Bases neurofisiolóxicas do sono. Metodoloxía para monitorización do ciclo vixilia-sono. Características polisomnográficas nos individuos normais de diferentes idades. Técnicas de instrumentación e metodoloxía no estudo e tratamento dos trastornos do sono. Parasomnias. Insomnios sintomáticos. Trastornos cronobiolóxicos. Hipersomnias. Síndromes narcoléptico. Trastornos respiratorio e apnea obstrutiva do sono. Trastornos do sono asociados a outras patoloxías.

12. Resposta electromiográfica da unidade motora normal. Actividade da inserción. Actividade da placa motora. Potencial de unidade motora. Instrumentación e técnicas de rexistro.

13. Actividade espontánea patolóxica. Xeradores ectópicos. Patrón neuróxeno e patrón miopático. Bases anatómicas e localización.

14. Técnicas de estudo electromiográfico en músculos de difícil acceso. Músculos faciais, larínxeos, respiratorios e do tronco. Esfínteres anal e vesical.

15. Electromiografía da fibra illada.



16. Neurografía. Técnicas de estimulación neurográfica: eléctrica e magnética. Sistemas de rexistro neurográfico: potencial de acción composto de nervio e músculo. Condución motora e sensorial.

17. Técnicas de estudo neurofisiolóxico do sistema nervioso autónomo.

18. Técnicas de estudo neurofisiolóxico dos reflexos. Técnicas de colisión. Período refractario.

19. Estudo neurofisiolóxico das lesións supranucleais e núcleos motores do tronco encefálico.

20. Estudo neurofisiolóxico das enfermidades da medula espiñal.

21. Estudo neurofisiolóxico das enfermidades da medula espiñal e da neurona motora.

22. Estudo neurofisiolóxico da patoloxía dos plexos. Cervical. Braquial. Lumbosacro.

23. Estudo neurofisiolóxico na patoloxía dos nervios torácicos, do tronco e do solo pélvico.



24. Estudo neurofisiolóxico na patoloxía dos pares craniais.
25. Estudo neurofisiolóxico na patoloxía dos nervios das extremidades. Mononeuropatías e síndrome de atrapamento.
26. Estudo neurofisiolóxico na patoloxía das polineuropatías.
27. Estudo neurofisiolóxico na patoloxía das miopías.
28. Estudo neurofisiolóxico nas alteracións da transmisión neuromuscular.
29. Estudo neurofisiolóxico nas síndrome de hiperactividade muscular e movementos anormais. Tremor. Mioclonías. Movementos distónicos.
30. Neurofisioloxía dos sistema visual. Electrorretinograma e electrooculograma normais e nas diferentes patoloxías. Potenciais evocados visuais: metodoloxía e orientación diagnóstica.
31. Neurofisioloxía do sistema auditivo. Electrocoqueleograma. Potenciais do tronco cerebral. Instrumentación, técnicas e orientación diagnóstica nas hipoacusias e as patoloxías de pares craniais e do tronco cerebral.

32. Neurofisioloxía dos sistema somatosensorial. Instrumentación, técnicas e orientación diagnóstica.

33. Potenciais evocados cognitivos. P300. Instrumentación e orientación diagnóstica.

34. Monitorización intraoperatoria. Raquis. Pares craneais. Localización de áreas elocuentes.

35 Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 24 de maio de 2007, pola que se lle dá publicidade ao dimensionamento do programa formativo das distintas especialidades para o proceso selectivo de persoal facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde (Diario Oficial de Galicia núm. 103 de 30 de maio), agás o tema 35 engadido, que



procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).